

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 08 DE SETEMBRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do tenente de Alcalde **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^a MARGARITA CAMPOS ESPÍÑO** e **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

Non asiste: **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- SUBVENCIONS.-

2^o.- CONTRATACIÓN.-

1^o.- SUBVENCIONS.

1.1.- Axentes de emprego e desenvolvemento local.

Dase conta da Orde de 29 de Xullo de 2011, da Consellería de Traballo, publicada no DOG nº 157, de data 18 de Agosto de 2011, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, vistas a orde anteriormente mencionada (artigos 6 e 18) e o proxecto a desenvolver polo AEDL no exercicio 2011, acorda aprobar o proxecto para o que se solicita á subvención e, en consecuencia, solicitar da Consellería de Traballo a prórroga da subvención referida .

2^o.- CONTRATACIÓN.

2.1.- Contratación do servizo “Programa Cascarón”

Visto que pola Alcaldía detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo do denominado "PROGRAMA CASCARÓN".

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xullo de 2011 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 21 de xullo, redactouse e incorporouse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 21 de xullo, realizouse pola Interventora a retención de crédito oportuna e coa mesma data emitíronse Informe de fiscalización do expediente e informe de Secretaría.

Visto que con data 21 de xullo de 2011 aprobouse o expediente e os pregos de cláusulas administrativas e técnicas e ordeouse a súa publicación no perfil do contratante.

Visto que con data 29 de agosto constituíse a Mesa de Contratación para a apertura do sobre A que contén a documentación administrativa e se solicitou ás empresas Acode e Antaxurada, S.L. a subsanación da documentación.

Visto que con data 2 de setembro réunese de novo a Mesa co obxecto de proceder á apertura do sobre B relativo aos criterios subxectivos. Polos membros da Mesa tómase coñecemento da documentación aportada polos licitadores e entrégaselle á Psicopedagoga do concello para que realice informe sobre os mesmos.

Con data de 6 de setembro réunese a Mesa co obxecto de tomar conta do informe da Psicopedagoga do concello e proceder á apertura do sobre C. Polos membros da Mesa obsérvase que o informe da mesma non fai referencia aos curriculums dos técnicos polo que se suspende a apertura do sobre C en tanto non se incorporen os informes que conteñan a valoración do criterio dos curriculums.

Con data 7 de setembro e visto o novo informe da psicopedagoga, procédese a apertura do sobre C. Vista dificultade de valorar o criterio 12.2 do prego de prescricións técnicas dado que a maioría dos certificados que aportan os licitadores non inclúen as datas dos servizos, solicítase ás empresas para que aclaren o número de días de prestación dos servizos aos que fan referencia os certificados.

Recibidas as aclaracións por parte das seguintes empresas: Acode e Coesco, procédese a completar a valoración das ofertas, quedando a seguinte valoración:

PUNTUACIÓN	ACODE	COESCO, S.L.	ANTAXURADA, S.L.
------------	-------	--------------	------------------

Prezo do contrato	3	2,99	2,92
Experiencia previa	2	2	0,09
Disposición maior nº de monitores	0	0,75	0
Programa educativo	3,5	3	2,5
Curriculums dos técnicos	2	2,5	2
TOTAL	10,50	11,24	7,51

Tendo en conta o anterior a Mesa de Contratación propuxo ao órgano de contratación como mellor oferta a presentada pola empresa Coesco, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Clasificar as proposicións presentadas polos candidatos, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

1. Coesco, S.L.
2. Acode (Asociación Comarcal para o desenvolvemento do Deza)
3. Antaxurada, S.l.

SEGUNDO. Notificar e requirir a Coesco, S.L., candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, para que presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

2.2.- Contratación do Servizo: "Arquitecto Asesor Técnico".

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de xullo de 2011 se iniciou o procedemento de adxudicación do contrato do servizo de arquitecto asesor técnico por procedemento negociado sen publicidadee se ordeaba a redacción dos correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

Visto que se redactaron e incorporaronse ao expediente o Prego de Cláusulas

Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de xullo de 2011 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas para a adxudicación do servizo, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que na Xunta de Goberno Local de 16 de agosto procedeuse á apertura do sobre A relativo a documentación administrativa, declarando admitidos á licitación Lino Manuel Doporto Framil, Aurora García Vicente, Ricardo Aneiros Rodríguez, Isabel Piñeiro Esperante e excluído por presentación fora de prazo Eduardo Cruz Aguiar.

Vista a documentación contida no sobre A compróbase que varios licitadores teñen que subsanar a documentación (Aurora García Vicente, Ricardo Aneiros Rodríguez, Isabel Piñeiro Esperante).

Visto que ningún dos licitadores subsanaron a documentación administrativa, pásase á apertura do sobre B do licitador Lino Doporto Framil.

Visto que o prezo ofertado polo licitador é de 24.000,00 máis 4.320,00 de IVE e examinada o resto da documentación que a acompaña.

Visto que a Xunta de Goberno Local acordou clasificar como mellor oferta a de Lino Manuel Doporto Framil e requerirle para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e para que constituíse a garantía definitiva.

Comprobado que presentou a garantía e os demais documentos requeridos.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

- PRIMEIRO.** Adxudicar á Lino Manuel Doporto Framil o contrato de servizos de arquitecto asesor técnico, por procedemento negociado sen publicidade, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de xullo.
- SEGUNDO.** Dispoñer o gasto con cargo á partida 920.227.06 do orzamento vixente de gastos, polo importe de 24.000,00 máis 4.320,00 de IVE.
- TERCEIRO.** Publicar a adxudicación no perfil do contratante e notificala aos candidatos que non resultaron adxudicatarios .
- CUARTO.** Notificar á Lino Manuel Doporto Framil., adxudicatario do contrato, esta resolución e citalo para a sinatura do contrato.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato de servizos no perfil do contratante.

SEXTO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as once horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,



A SECRETARIA,

